

Venres, 12 de xuño de 2020

Núm. 112

ADMINISTRACIÓN LOCAL PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Subvencións e axudas

APROBACIÓN DO PLAN DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DENOMINADO "O TEU PRIMEIRO EMPREGO 2020"

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 5 de xuño de 2020, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

2.28963.—APROBACIÓN DO PLAN DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DENOMINADO "O TEU PRIMEIRO EMPREGO 2020"

O 27 de xullo de 2018 a Consello de Ministros aproba o Plan director por un Traballo Digno 2018-2019-2020 que inclúe 75 medidas (55 operativas e 20 organizativas) destinadas a combater o fraude, a precariedade laboral así como erradicar as situacións de abuso. Dunha maneira ou doutra, todas elas están dirixidas a reverter problemas estruturais do mercado de traballo no noso país e garantir condicións laborais dignas para a poboación que se incorpora ao mercado laboral.

Unha das ditas medidas é o reforzo da colaboración e coordinación institucional para acadar os obxectivos do Plan e, neste sentido, as administracións públicas ademais de colaborar coas medidas de control deben ser proactivos naquelas outras de promoción da inserción laboral. Por este motivo, desde a Deputación de Pontevedra apóstase pola adopción de accións no eido do fomento do emprego que se axusten aos obxectivos do Plan Director por un Traballo Digno e que de forma especial contribúan a combater o desemprego xuvenil, a evitar a precarización laboral e a evitar a fuga de talento fóra da nosa provincia e de Galicia como ven acontecendo nos últimos 8 anos.

Nesta liña, coa colaboración dos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 50.000 habitantes, das empresas, corporacións sectoriais e organizacións non gobernamentais da provincia de Pontevedra, iniciase unha nova actuación que ten por obxecto dotar ós/ás titulados/as universitarios/as e de ciclos superiores de formación profesional dunha experiencia profesional mínima que favoreza a súa futura empregabilidade, proporcionando os medios e recursos necesarios para que poidan participar directamente nas actividades e no traballo que se desenvolve nos "Centros destino" da nosa provincia como traballadoras ou traballadores garantindo os seus dereitos laborais.

Este plan de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra vaise a denominar "O teu Primeiro Emprego", e estrutúrase en varios programas independentes, podendo algúns deles tramitarse de forma conxunta.



Venres, 12 de xuño de 2020

Núm. 112

CARACTERÍSTICAS DO PLAN:

Para o desenvolvemento deste plan a Deputación contará coa colaboración dos Concellos de menos de 50.000 habitantes, das empresas, corporacións sectoriais e organizacións non gobernamentais da provincia de Pontevedra, que xunto coa Deputación no programa propio, son as que realizarán a contratación dos titulados que resulten seleccionados.

A selección das entidades colaboradoras e a designación das titulacións dos postos de traballo que se van desempeñar efectuarase de acordo coas bases reguladoras que se aproben pola Deputación.

1. O plan estruturase nos programas de actuación seguintes:

- a) O teu primeiro emprego na Deputación Provincial de Pontevedra.
- b) O teu primeiro emprego nos concellos.
- c) O teu primeiro emprego nas empresas e corporacións sectoriais.
- d) O teu primeiro emprego en organizacións non gobernamentais da provincia de Pontevedra.

2. A experiencia laboral adquirirase mediante a formalización de contratos laborais en prácticas, que se concertarán, segundo o programa, entre:

- a) A Deputación e as persoas tituladas seleccionadas no respectivo programa.
- b) Os concellos e as persoas tituladas seleccionadas no respectivo programa.
- c) As empresas, corporacións sectoriais e organizacións non gobernamentais da provincia de Pontevedra e as persoas tituladas seleccionadas nos respectivos programas.

3. A concesión destas axudas estará suxeita ós seguintes límites:

a) Limite temporal: Os contratos en prácticas serán subvencionados por un período de seis meses, podéndose ampliar o período subvencionable por outros seis meses máis suxeitos a dispoñibilidade orzamentaria.

b) Límite cuantitativo: Os contratos en prácticas serán subvencionados polos importes que se sinalarán en cada programa de actuación.

4. Cada un dos programas que integran este plan desenvolverase nas seguintes fases: a) Primeira fase: Determinación, de ser necesaria, das entidades colaboradoras e das titulacións requiridas para a formalización dos contratos en prácticas coa Deputación Provincial, cos concellos coas empresas e corporacións sectoriais e coas organizacións non gobernamentais, segundo as bases desenvolvidas para cada programa.

b) Segunda fase: Selección das persoas beneficiarias destas contratacións.



Venres, 12 de xuño de 2020

Núm. 112

ASPECTOS ORZAMENTARIOS E CONTABLES

A execución do plan comezará coa posta en marcha de algún ou algúns dos respectivos programas. A aprobación do plan non ten, en principio, consecuencias orzamentarias e contables, estas consecuencias aparecerán cando se poñan en marcha os distintos programas.

O procedemento a nivel orzamentario e contable será o seguinte:

- Antes da aprobación de cada programa deberase dotar crédito na aplicación correspondente
- Informe-proposta para a aprobación do programa correspondente e das bases para seleccionar as entidades colaboradoras e as titulacións. Esta tramitación supón a solicitude de retención de crédito.
- Aprobación por parte do órgano competente da relación de entidades colaboradoras seleccionadas participantes en cada programa. Esta aprobación supón a autorización do gasto.
- Aprobación por parte do órgano competente das bases reguladoras da selección das persoas tituladas beneficiarias. Esta aprobación supón a disposición do gasto.

NORMATIVA APLICABLE

As bases reguladoras deste plan acomóndanse ao previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, en concreto no relativo aos principios de concorrencia, publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación na concesión das axudas, así como á ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial e demais normativa concordante de aplicación.

En base ao anterior, propónse aprobar o Plan de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra denominado “O Teu Primeiro Emprego 2020” que posúe as seguintes características

1.- ANTECEDENTES

O 27 de xullo de 2018 a Consello de Ministros aproba o Plan director por un Traballo Digno 2018-2019-2020 que inclúe 75 medidas (55 operativas e 20 organizativas) destinadas a combater a fraude, a precariedade laboral así como a erradicar as situacións de abuso. Dunha maneira ou doutra, todas elas están dirixidas a reverter problemas estruturais do mercado de traballo no noso país e garantir condicións laborais dignas para a poboación que se incorpora ao mercado laboral.

Unha das ditas medidas é o reforzo da colaboración e coordinación institucional para acadar os obxectivos do Plan e neste sentido as administracións públicas ademais de colaborar coas medidas de control deben ser proactivos naquelas outras de promoción da inserción laboral. Por este motivo, desde a Deputación de Pontevedra apóstase pola adopción de accións no eido do fomento do emprego que se axusten aos obxectivos do Plan Director por un Traballo Digno



Venres, 12 de xuño de 2020

Núm. 112

e que de forma especial contribúan a combater o desemprego xuvenil, a evitar a precarización laboral e a evitar a fuga de talento fóra da nosa provincia e de Galicia como ven acontecendo nos últimos 8 anos.

Nesta liña, coa colaboración dos concellos da Provincia de Pontevedra de menos de 50.000 habitantes, das empresas, corporacións sectoriais e organizacións non gobernamentais da provincia de Pontevedra, iníciase unha nova actuación, que ten por obxecto dotar ós/as titulados/as universitarios/as e de ciclos superiores dunha experiencia profesional mínima que favoreza a súa futura empregabilidade, proporcionando os medios e recursos necesarios para que poidan participar directamente nas actividades e no traballo que se desenvolve nos “Centros destino” da nosa provincia coma traballadoras ou traballadores garantindo os seus dereitos laborais.

Este plan de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra vaise a denominar “O teu Primeiro Emprego”, e o mesmo estruturase en varios programas independentes, podendo algunha fase tramitarse de forma conxunta.

2.- FINALIDADE DO PLAN

Este plan ten por obxecto facilitar que aqueles/as titulados/as universitarios/as e de ciclos superiores poidan acceder dentro da provincia a un primeiro emprego adecuado ao nivel de estudos cursados, adquirir experiencia profesional e facilitar a súa futura inserción no mercado laboral.

3.- PERSOAS DESTINATARIAS DAS AXUDAS

Os/as destinatarios/as das axudas serán os titulados e tituladas da provincia de Pontevedra que ao abeiro deste programa decidan acollerse ás diferentes convocatorias que se realicen desde a Deputación de Pontevedra.

As persoas ás que vai destinado este plan son as que cumpran as seguintes condicións:

a) Estar en posesión de título universitario ou de formación profesional de grao superior ou títulos oficialmente recoñecidos como equivalentes, de acordo coas leis reguladoras do sistema educativo vixente, que habiliten para o exercicio profesional.

b) Que no momento da contratación non transcorreran mais de cinco anos, ou de sete cando o contrato se celebre cunha persoa con discapacidade, dende a terminación dos correspondentes estudos.

c) Non ter experiencia laboral previa na titulación obxecto do contrato (nos grupos de cotización 1 ou 2 para titulacións universitarias e grupos 3 ou 5 para ciclos superiores) ou non haber estado dado de alta como persoa autónoma en actividades relacionadas coa titulación, por tempo superior a 6 meses ou 182 días.



Venres, 12 de xuño de 2020

Núm. 112

d) Non haber estado contratado en prácticas por tempo superior a 6 meses nin estar contratado en prácticas no momento da selección, nalgún dos programas de “O Teu Primeiro Emprego”.

A selección das persoas beneficiarias deste plan levarase a cabo conforme o previsto nas bases reguladoras que aprobe a Deputación Provincial.

4.- LIMITE TEMPORAL E CUANTITATIVO DA AXUDAS

A concesión destas axudas estará suxeita ós seguintes límites:

a) Limite temporal: Os contratos en prácticas serán subvencionados por un período de seis meses, podéndose ampliar o período subvencionable por outros seis meses máis, suxeitos a dispoñibilidade orzamentaria.

b) Límite cuantitativo: Os contratos en prácticas serán subvencionados polos importes que se sinalarán en cada programa de actuación.

5.- ENTIDADES COLABORADORAS

Para o desenvolvemento deste plan a Deputación contará coa colaboración dos concellos de menos de 50.000 habitantes, das empresas, corporacións sectoriais e organizacións non gobernamentais da provincia de Pontevedra, que xunto coa Deputación no programa propio, son as que realizarán a contratación dos titulados que resulten seleccionados.

A selección das entidades colaboradoras efectuarase de acordo coas bases reguladoras que se aproben pola Deputación.

6.- CONTIDO DO PLAN

1. O plan estruturase nos catro programas de actuación seguintes:

a. O teu primeiro emprego na Deputación Provincial de Pontevedra

b. O teu primeiro emprego nos concellos

c. O teu primeiro emprego nas empresas, corporacións sectoriais

d. O teu primeiro emprego en organizacións non gobernamentais da provincia de Pontevedra

2. A experiencia laboral adquirirase mediante a formalización de contratos laborais en prácticas, que se concertarán, segundo o programa, entre:

— A Deputación e as persoas tituladas seleccionadas no respectivo programa

— Os concellos e as persoas tituladas seleccionadas no respectivo programa



Venres, 12 de xuño de 2020

Núm. 112

- As empresas, corporacións sectoriais e organizacións non gobernamentais da provincia de Pontevedra e as persoas tituladas seleccionadas no respectivo programa

7.- ASPECTOS ORZAMENTARIOS E CONTABLES

A execución do plan comezará coa posta en marcha de algún ou algúns dos respectivos programas. A aprobación do plan non ten, en principio, consecuencias orzamentarias e contables, que operarán cando se poñan en marcha os distintos programas.

O procedemento a nivel orzamentario e contable será o seguinte:

- Antes da aprobación de cada programa deberase dotar crédito na aplicación correspondente
- Informe-proposta para a aprobación do programa correspondente e das bases para seleccionar as entidades colaboradoras e as titulacións. Esta tramitación supón a solicitude de retención de crédito. Aprobación por parte do órgano competente da relación de entidades colaboradoras seleccionadas participantes en cada programa. Esta aprobación supón a autorización do gasto.
- Aprobación por parte do órgano competente das bases reguladoras da selección das persoas tituladas beneficiarias. Esta aprobación supón a disposición do gasto.

8.- DESENVOLVEMENTO DO PLAN

Cada un dos programas que integran este plan desenvolverase nas seguintes fases:

8.1. Programa o teu primeiro emprego na Deputación Provincial de Pontevedra:

a) Primeira fase: Determinación das titulacións requiridas para a formalización dos contratos en prácticas coa Deputación Provincial.

b) Segunda fase: Selección das persoas beneficiarias destas contratacións conforme as bases reguladoras que aprobe a Deputación Provincial.

8.2. Programa o teu primeiro emprego nos Concellos da Provincia:

a) Primeira fase: Selección das entidades colaboradoras, determinación das titulacións requiridas para a formalización dos contratos en prácticas cos correspondentes concellos

b) Segunda fase: Selección das persoas beneficiarias destas contratacións polos Concellos segundo as bases reguladoras aprobadas pola Deputación Provincial.

8.3. Programa o teu primeiro emprego en Empresas, Corporacións Sectoriais da provincia de Pontevedra:

a) Primeira fase: Aprobación das bases reguladoras da selección das entidades colaboradoras, determinación das titulacións requiridas para a formalización dos contratos en prácticas coas correspondentes Empresas e Corporacións Sectoriais da provincia de Pontevedra



Venres, 12 de xuño de 2020

Núm. 112

b) Segunda fase: Selección das persoas beneficiarias destas contratacións en prácticas pola Deputación Provincial conforme as bases reguladoras aprobadas pola Deputación Provincial.

8.4. Programa o teu primeiro emprego en Organizacións non Governamentais da provincia de Pontevedra

a) Primeira fase: Aprobación das bases reguladoras da selección das entidades colaboradoras, determinación das titulacións requiridas para a formalización dos contratos en prácticas coas correspondentes organizacións non governamentais da provincia de Pontevedra.

b) Segunda fase: Selección das persoas beneficiarias destas contratacións en prácticas pola Deputación Provincial conforme as bases reguladoras aprobadas pola Deputación Provincial.

9.- *NORMATIVA APLICABLE*

As bases reguladoras deste plan acomópanse ao previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, en concreto no relativo aos principios de concorrencia, publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación na concesión das axudas, así como á ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial e demais normativa concordante de aplicación.

O xefe do servizo de promoción de emprego e desenvolvemento local emitiu informe propoñendo a aprobación do Plan de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra denominado "O Teu Primeiro Emprego", co visto e praxe do Deputado Delegado.

Por todo o exposto, en base aos antecedentes e normativa aplicable a este tipo de axudas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o Plan de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra denominado "O Teu Primeiro Emprego" 2020, de acordo ao establecido no presente acordo.

2.- Notificar o presente acordo ás partes interesadas.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

Pontevedra, 10 de xuño de 2020

O Secretario,

Contra este acordo que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo de un mes a partir do día seguinte ó desta notificación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, e todo iso no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei.

Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar c alquera outro recurso que estime conveniente.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:095WP4LCCDW18HEK

